

**MANCOMUNIDADE
DA
COMARCA DE COMPOSTELA**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN GALICIA-AMÉRICA PARA FINANCIAR O TRANSPORTE A ESTUDIANTES DO COLEXIO SANTIAGO APÓSTOLO DE BOS AIRES, QUE VIVAN LONXE DE DITA INSTITUCIÓN ASÍ COMO A FINANCIACIÓN PARA O AMOBLAMENTO DUNHA AULA DO NIVEL MEDIO, CO FIN DE SER APLICADOS DURANTE O EXERCICIO 2006.

REUNIDOS

Dunha parte: Os alcaldes da **Mancomunidad de Municipios da Comarca de Compostela**, representados polo Excmo. Sr. Presidente e Alcalde de Santiago de Compostela, Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo.

E doutra: A **Fundación Galicia-América**, Representación Arxentina, coa sinatura do Presidente do Consello de Administración da representación e Vicepresidente da fundación, Don Rafael Patiño Rogel.

MANIFESTAN E ACORDAN

Que a Representación en Arxentina da Fundación Galicia-América, no seu carácter de titular, administra e xestiona o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstolo o cal imparte ensino oficial e extracurricular nun marco da ensinanza bicultural no ámbito da República Arxentina. Que asisten ao Colexio Santiago Apóstolo moitos nenos descendentes de galegos, moitos dos cales carecen de recursos económicos. Que o transporte, dadas as distancias, é un custo que adquire relevancia nalgúns casos imposible de sufragar por ditas familias. Que é unha aspiración permanente por parte da Fundación Galicia-América que eses nenos concorran ao Colexio Santiago Apóstolo e que poidan cumprir co seu desexo de recibir unha educación de excelencia que leve o selo da nosa cultura. Que, á súa vez, o colexio está en expansión e cada ano se agrega un ciclo lectivo no nivel medio. Que iso supón investimentos en mobiliario escolar. Que con frecuencia este mobiliario é froito de doazóns que simbolizan, ademais das concretas axudas, o compromiso cos obxectivos e a obra que realiza o colexio por parte dos doadores.

Que a Mancomunidad de Municipios da Comarca de Compostela comparte integramente e está consubstanciada coas necesidades dos emigrantes galegos. Que o Colexio Santiago Apóstolo imparte ensino oficial e extracurricular no marco da ensinanza bicultural galego-arxentina na cidade de Bos Aires. Que dita institución desenvolve unha actividade de grande relevancia para o futuro polos contidos que

**MANCOMUNIDADE
DA
COMARCA DE COMPOSTELA**

integran o seu plan de estudos vinculados con Galicia. Que iso supón un piar na divulgación da esencia, da cultura e da realidade de Galicia. Que polo tanto é merecedor de que esta Mancomunidade apoie a asistencia de nenos pertencentes á comunidade galega en Arxentina. Que dito apoio é particularmente necesario nos casos de familias con escasos recursos económicos. Que, dadas as distancias, o transporte é un custo que en moitas ocasións impide a concorrencia deses nenos. Que así mesmo é preciso contribuír cos obxectivos e a obra que realiza o Colexio Santiago Apóstolo. Que por iso é aconsellable expresar ese apoio no equipamento mobiliario dunha aula.

Que polos principios expostos, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Compostela resolve dar o seu apoio consistente na achega de **catro mil euros (4.000€)**, para solucionar o transporte de alumnos cuxos pais ou titores carezan de medios económicos suficientes e de **dous mil euros (2.000€)** para o amoblamento dunha aula do nivel medio coa fin de ser aplicados durante o exercicio 2006. Que ditos fondos serán administrados pola representación na República Arxentina da fundación Galicia-América, coas rendicións de contas e baixo as condicións que oportunamente se fixarán por parte desta mancomunidade.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar en Bos Aires a 2 de maio de 2006.

**Pola Mancomunidade de Municipios
da Comarca de Compostela**

Pola Fundación Galicia-América

Xosé A. Sánchez Bugallo

Rafael Patiño Rogel